



CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A ASOCIACIÓN REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO, PARA A O DESENVOLVEMENTO DE ACCIÓNS DE PREVENCIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO E ATENCIÓN ÁS SÚAS VÍTIMAS.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Política Social e Igualdade, DECLARA

Que a Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto formalizar coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo o instrumento convencional arriba referido, por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o convenio ten por obxecto establecer as bases reguladoras e as condicións que rexerán a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, para a atención de mulleres inmersas en procesos de violencia de xénero, a través de cinco eixes de intervención: acompañamento social, concienciación e prevención, formación, recuperación psicosocial e reincorporación laboral.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

A Asociación Rede de Mulleres Veciñais Contra os Malos Tratos de Vigo é unha entidade sen ánimo de lucro que ten entre os seus fins os de traballar na prevención e concienciación da violencia de xénero, difundido valores de igualdade, o de acompañar ás mulleres en todas a situacións en que o precisen, así como os de traballar con perspectiva de xénero e ser interlocutora coa administración no referente á problemática da violencia de xénero.

A Consellería de Política Social e Igualdade, que ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, para levar a cabo actividades de información, formación, atención, apoio e acompañamento ás mulleres no proceso de concienciación e ruptura cos malos tratos, e que ten entre os fins os de defender a dignidade e os dereitos das mulleres, a eliminación da violencia contra as mulleres en todos os ámbitos,





contribuíndo a minimizar os danos psicolóxicos e físicos desta violencia, promovendo ademais a concienciación social fronte os malos tratos e impulsando a mobilización social.

A concesión directa da subvención a través deste convenio efectuarase ao abeiro dos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, na que se prevé a posibilidade de excepciónar do réxime ordinario de concorrência competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario. O carácter singular do presente convenio vén porque o interese prioritario é poder ofertar ás vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas un acompañamento especializado a través de persoas con formación e coñecemento específico da violencia machista, de xeito gratuito e voluntario. O evidente interese social e humanitario da labor desenvolvida por esta entidade, leva á Consellería de Política Social e Igualdade a establecer a presente liña de colaboración.

De conformidade co previsto no artigo 26.2a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrência pública, e as razóns de interese social, para os efectos da subscripción deste convenio, posto que a Asociación Rede de Mulleres Veciñais contra os Malos Tratos de Vigo, pola súa experiencia e coñecemento e especialización das profesionais das que dispón, especificamente no campo da violencia de xénero, así como a dilatada experiencia que acredita no trato con vítimas desta violencia reúne as condicións para o desenvolvemento dun Programa de prevención fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas, programa que dificilmente pode asumir outra asociación da provincia de Pontevedra que achegue unha experiencia e un grupo de profesionais destas características.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público que os exclúe expresamente no seu artigo 6.1 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

